

En virtude das competencias que me outorga o artigo 21.1 m) e s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Tendo en conta a crise sanitaria provocada polo coronavirus COVID-19 que motivou a necesidade de adopción de medidas excepcionais dende o pasado 15 de marzo, co fin de preservar a seguridade e saúde pública.

Vista a ORDE do 3 de decembro de 2020, da Consellería de Sanidade, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Visto o DECRETO 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Vista a ORDE do 29 de decembro de 2020 pola que se modifica a Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Visto o DECRETO 226/2020, do 29 de decembro, polo que se modifica o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Resultando nas referidas Orde e Decreto se establecen medidas que afectan a servizos municipais, cómpre realizar unha análise dos mesmos co fin de adoptar as medidas que correspondan para a adaptación á nova normativa, así como en aras a garantir a seguridade da veciñanza, tendo en conta a situación epidemiolóxica deste Concello.

RESOLVO

Primeiro.- A biblioteca municipal permanecerá aberta cun aforo máximo do 50%, podendo realizarse actividades culturais grupais ata un máximo de catro persoas, sexan ou non conviventes excluído o monitor ou guía, cumprindo co disposto no punto 4 do Anexo III da Orde do 3 de decembro.

Segundo.- O Teatro Pastor Díaz permanecerá aberto co límite máximo de persoas que resulte de gardar a distancia de 1,5 metros entre asistentes nas catro direccións, e co límite máximo de 250 persoas. Deberá existir un rexistro de asistentes ao evento e custodiar este durante un mes despois do evento, coa información do contacto dispoñible para as autoridades sanitarias, cumprindo coas normas de protección de datos de carácter persoal

Terceiro.- As instalacións deportivas municipais (campos de fútbol e pavillóns deportivos) permanecerán abertas para a práctica do deporte federado, podendo desenvolverse actividades con público sentado, co límite máximo de persoas que resulte de gardar a distancia de 1,5 metros entre asistentes nas catro direccións, e en todo caso sen superar as 250 persoas en espazos pechados e as 500 persoas en espazos abertos. Deberá existir un rexistro de asistentes ao evento e custodiar este durante un mes despois do evento, coa información do contacto dispoñible para as autoridades sanitarias, cumprindo coas normas de protección de datos de carácter persoal



Cuarto.- Acordar o peche da piscina municipal con efectos de 30 de decembro de 2020. Os empregados municipais adscritos aos postos de traballo deste Servizo deberán permanecer operativos e dispoñibles durante a xornada laboral para acudir aos seus postos de traballo no suposto de seren requiridos ante situacións de urxencia ou necesidade inaprazable. A estes efectos os traballadores municipais deberán estar localizables.

Quinto.- Manter a apertura dos centros socioculturais e locais sociais municipais, única e exclusivamente para a realización de actividades individuais, cun aforo máximo do 50% e cunha prohibición de grupos superiores a 4 persoas non conviventes. Suspéndese a realización nestas instalacións de calquera tipo de actividade cultural, social, de lecer ou entretemento.

Sexto.- Acordar a suspensión das actividades deportivas, culturais ou calquer outro tipo de evento ou actividade que estivese previsto levar a cabo en instalacións municipais, sen prexuízo das actividades permitidas conforme á presente Resolución, quedando anuladas ou suspendidas, no seu caso, as autorizacións e cesións de uso de locais, instalacións ou espazos municipais con efectos para o período de vixencia desta suspensión. Así mesmo, durante este período non se autorizarán, neste senso, as solicitudes de cesión ou autorización de locais, instalación ou espazos municipais.

Sétimo.- Manter o peche dos baños públicos e dos parques infantís municipais. Manter así mesmo a suspensión da totalidade de festas, verbenas e outros eventos populares, así como das atraccións de feiras no termo municipal de Viveiro.

Oitavo.- Limitase o aforo das instalacións municipais para a celebración de congresos, encontros, reunións, conferencias, e outros eventos e actos similares ao aforo máximo que resulte en cada espazo co límite máximo de persoas que resulte de gardar a distancia de 1,5 metros entre asistentes nas catro direccións, e en todo caso sen superar as 50 persoas en espazos pechados e as 100 persoas en espazos abertos.

Noveno.- En todos os espazos públicos de titularidade municipal prohibese a permanencia de grupos superiores a 4 persoas, agás que sexan conviventes. Esta limitación non será aplicable no caso de actividades laborais, institucionais, empresariais, profesionais, sindicais, de representación de traballadores e administrativas, actividades en centros universitarios, educativos, de formación e ocupacionais, así como no caso de práctica de deporte federado, sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento. Esta limitación tampouco será de aplicación ás actividades que contén cun aforo específico, a excepción de que expresamente se contemple tal limitación.

Décimo.- Manter a celebración dos mercados que teñen lugar no Concello de Viveiro coas restricións vixentes na actualidade.

Décimo Primeiro.- Manter o funcionamento dos servizos administrativos municipais nas condicións existentes na actualidade, recomendando en todo caso á cidadanía a solicitude de cita previa, sempre que non se trate de situacións de urxencia, co fin de evitar aglomeracións e minimizar os riscos de contaxio.

Décimo Segundo.- Acordar a adopción de todas as medidas preventivas establecidas na Orde do 29 de decembro de 2020 pola que se modifica a Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, e no **Decreto 226/2020, do 29 de decembro,** polo que se modifica o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-



CoV-2. Aplicaranse así mesmo, en todo o que resulte de aplicación, as medidas establecidas na Orde de 3 de decembro da Consellería de Sanidade, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia **e no Decreto 202/2020, do 3 de decembro**, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Décimo Terceiro.- Estas medidas entrarán en vigor a partir do 30 de decembro de 2020, incluído e manterán a súa vixencia en tanto non sexan modificadas pola Autoridade Sanitaria autonómica competente, ou non sexan revisadas por este Concello, en virtude das normas que se diten polas autoridades competentes, atendendo á evolución da situación epidemiolóxica.

En Viveiro á data que consta á marxe.

A Alcaldesa-Presidenta

Asdo.: María Loureiro García.

Ante min, aos efectos do artigo 3.2 do
Real Decreto 128/2018
A Secretaria

Asdo.: María Luz Balsa Rábade.

(Documento asinado dixitalmente á marxe)

